



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Emilio González López

Rúa Lamelas 21, CP 15659 Brexo-Lema, Cambre (A Coruña)

Tel: 880 881 363 Fax: 881 880 366

Enderezo electrónico: ceip.emilio.gonzalez@edu.xunta.es

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL PARA O ALUMNADO DE 1º CURSO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA - CURSO 2018/2019

A Orde do 9 de maio de 2018 (DOG 21 de maio) da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria regula a participación no fondo solidario de libros de texto e convoca axudas para adquisición de libros de texto e material escolar para o vindeiro curso.

Forman parte do fondo solidario todos os libros de texto reutilizables adquiridos coas axudas dos cursos anteriores. A aplicación informática *fondolibros* permitirá a distribución dos libros existentes entre o alumnado en función dos ingresos percibidos pola unidade familiar no exercicio fiscal do 2016 (suma das casañas 392 e 405 das declaracións da renda) divididos polos membros computables da familia (se algún dos membros ten minusvalía igual ou superior ao 33% ou percibe unha pensión, computa dobre).

Os requisitos para acollerse á convocatoria de fondo solidario son:

- Estar admitido en 1º de educación secundaria para o vindeiro curso.
- Ter devoltos, antes do 22 de xuño de 2018, os libros de texto adquiridos coas axudas do curso 2017/2018.

A **contía da axuda para adquirir material escolar** destinado a alumnado matriculado en Educación Primaria e ESO con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros será de 50 euros.

A solicitud, única para todos os fillos/as matriculados no mesmo centro docente para o curso 2018/19, segundo o anexo I da orde, presentarase na secretaría do IES David Buján, de Sigrás. Tamén se pode facer por vía electrónica na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) ou a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Os impresos facilitaranse no colexio ou pódense descargar en formato PDF nos enderezos anteriores e tamén na páxina web do centro.

As solicitudes (Anexo I) acompañaranse da seguinte documentación:

- **Anexo II (comprobación de dato dos membros computables da unidade familiar)**
 - **Fotocopia do libro de familia no cal figuren todos os membros da unidade familiar.** No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar non coincide coa reflectida no libro, a día 31 de decembro de 2016, terá que presentarse documento ou documentos que acrediten os membros da unidade familiar, tales como:
 - a) Certificado ou volante de convivencia.
 - b) Informe dos servizos sociais do concello de residencia, que acredite a situación familiar.
 - c) Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
 - **Certificado do grao de discapacidade** do/a alumno/a, do solicitante ou dalgún calquera membro da familia reconecido por un órgano non pertencente á Xunta de Galicia.
 - No caso de situación de violencia de xénero no contorno familiar: documentación acreditativa.
- **Prazo para entregar as solicitudes abrangue do 22 de maio ao 22 xuño de 2018.**

Brexo-Lema, 23 de maio de 2018.

A DIRECCIÓN

